

TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DE PROTECCIÓN CIVIL

ARTIGO 1. *Fundamento e natureza.*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, regulamentadora das Bases de Réxime Local, o Concello de Cerceda, consonte co establecido nos artigos 15 ó 19 do R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a taxa pola prestación de Servizos Municipais de Intervención en materia de protección civil.

ARTIGO 2. *Feito impoñíbel e obriga de contribuir.*

1. Constitúe o feito impoñíbel a utilización dos servizos seguintes de recepción obrigatoria:

- a) A asistencia prestada en caso de incendios, salvamentos, caídas de edificios e construcións, ruínas, derrubamentos, inundacións e outros sinistros semellantes, con persoal e material adscrito ao servizo municipal de protección civil.
- b) A presenza de persoal e materiais do Departamento en concentracións, espectáculos e outros, con fins preventivos.
- c) Calquera outro servizo de recepción obrigatoria que fora prestado polo Concello na materia obxecto desta taxa.
- d) A realización de actuacións propias e exclusivas do Departamento, que aínda non sendo de recepción obrigatoria, foran requiridas polas persoas interesadas.

Non están suxeitos a esta taxa os seguintes servizos:

- a) Os realizados no termo municipal de Cerceda, a instancia de xuíces, forzas de seguridade e outras autoridades no exercicio dos seus cargos respectivos e por razóns que atendan á orde ou á seguridade xeral.
- b) Os prestados en beneficio da xeralidade da poboación do municipio nos casos de catástrofe ou calamidade pública apreciada pola Corporación.
- c) As saídas dos medios do Departamento que non cheguen a utilizárense, sempre e cando non foran requiridos polo suxeito pasivo.

2. A obriga de contribuír nacerá e adquirirse o dereito a retribución da taxa no momento en que saia das instalacións municipais a dotación correspondente para levar a cabo o seu cometido.

ARTIGO 3. *Suxeito pasivo.*

Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que sexan usuarios dos bens sinistrados e que foran obxecto da prestación do servizo. Entenderase por persoas usuarias, as propietarias, arrendatarias, usufructuarias e posuidoras, por calquera título, dos bens obxecto da actuación.

Nos servizos de salvamento, quen o solicitara ou en quen redunde o interese da prestación solicitada.

2. Terán a condición de substituto do contribuínte, no caso de prestación do servizo de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, construcións e derrubamentos, salvamentos e en xeral, de protección de persoas e bens, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

ARTIGO 4. *Responsábeis.*

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da referida Lei xeral tributaria.

2. Serán responsábeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, liquidadores e interventores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da devandita Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. *Base de gravame.*

A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo invertido neste e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

ARTIGO 6. Exencións e beneficios fiscais.

Gozarán de exención subxetiva os contribuintes que obteñan ingresos anuais inferiores aos que correspondan ao salario mínimo interprofesional, sempre que se xustifique adecuadamente.

Estarán exentos os contribuintes beneficiarios do RISGA e os acollidos a rexímenes protectores de carácter público análogos ó mencionado, previo informe do departamento de servizos sociais.

ARTIGO 7. Tarifas

- **Persoal**: Por operario municipal que interveña no servizo, por hora ou fracción: 12,50 euros.

- **Vehículos**: Por cada hora ou fracción en que se utilice o material que deseguido se relaciona, percibiranse as cantidades seguintes:

- o BUL: 28,50 euros.
- o Vehículo todoterreno: 4,70 euros.

- **Material consumible**: En función das unidades do material consumible utilizado:

- o Por litro de espumóxeno: 6,30 euros.
- o Por quilo de secante: 8,20 euros.
- o Por litro de líquido dispersante: 8,50 euros.
- o Por quilo de escama de desxeo: 6,50 euros.
- o Por quilo de sal: 0,20 euros.
- o Por consumo de material funxible, por cada intervención, 19,80 euros.

- **Tarifa mínima**: Con carácter mínimo, os dereitos a liquidar pola prestación dos servizos serán de: 35,00 euros.

ARTIGO 8. Normas de xestión

1. O Servizo Municipal actuante efectuará o parte de cada unha das súas actuacións expoñendo as circunstancias que en cada caso concorran. En dito parte farase constar, como mínimo, os seguintes datos:

- Nome, apelidos, DNI ou CIF do solicitante do servizo.

- Domicilio

- Teléfono de contacto

- Motivo da actuación

- Hora de saída da base e hora de chegada á mesma.

- Detalle do servizo prestado, facendo constar expresamente a duración do servizo, o material empregado e os kg/litros de material consumido.

- Nº de póliza de seguro do solicitante.

2. A xefatura do servizo remitirá ó departamento de intervención, dentro dos quince días seguintes á prestación de calquera servizo suxeito a tributación, o parte anterior.

3. En base ó mesmo, practicarase a correspondente liquidación de dereitos.

4. Aprobada a liquidación, procederase a notificar á persoa interesada, que deberá proceder a ingresala nos prazos e na forma establecida en dita notificación, de acordo co Regulamento Xeral de recadación.

ARTIGO 8. Infraccións e sancións tributarias.

En materia de cualificación das infraccións e da aplicación das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.